XOGO DE PREGUNTAS E RESPOSTAS DO SAMAÍN: “QUEN SABE MÁIS DE MEDO?” NORMAS:

- INSCRICIÓN EN PARELLA
- COMPETICIÓN POR ELIMINATORIAS: 2 PARELLAS, 1 CARTÓN CON 10 PREGUNTAS CADA PARELLA. A QUE ACERTE MÁIS PASA Á FASE SEGUINTE

  SE DESPOIS DE FACER AS DEZ PREGUNTAS ESTÁN EMPATADAS, PREGUNTA DE DESEMPATE AO FALLO
- AS PREGUNTAS MESTURÁRONSE DE DEZ EN DEZ DE MOITAS MANEIRAS DIFERENTES
- PREGUNTAS ENVIADAS POR PROFESORADO, ALUMNADO E TAMÉN ALGUNHA FONTE CONSULTADA COMO: http://centros.edu.xunta.es/ceip.manuel.fraga/unidades/samain/xogosamain.html

- AS PREGUNTAS INTENTAN SER VARIADAS E RESPONDER A DISTINTAS TEMÁTICAS:

1 CABAZAS
2 SAMAÍN
3 CINE
4 LITERATURA UNIVERSAL
5 LITERATURA GALEGA
6 DÍA DE DEFUNTOS
7 O MEDO
8 GASTRONOMÍA
9 OUTRAS CULTURAS
10 MONSTROS

- EN MAIÚSCULAS ESTÁ A RESPOSTA CORRECTA

Nº	PREGUNTA	RESPOSTA 1	RESPOSTA 2	RESPOSTA 3
1	QUE OUTRO NOME RECIBEN AS CABAZAS?	abrótegas	CALACÚS	abruños
2	DE QUE TRADICIÓN É ORIXINARIO O SAMAÍN?	francesa	fenicia	CÉLTICA
3	COMO SE CHAMA O ASASINO DA PELÍCULA HALLOWEEN?	MICHAEL MYERS	Jason	Fredy
4	QUEN FOI O ESCRITOR CREADOR DE DRÁCULA?	Tom Sharpe	BRAM STOKER	Brad Brown
5	O LOBISHOME MÁIS FAMOSO DA LITERATURA GALEGA FOI...	Manuel Randulfe	MANUEL ROMASANTA	Manuel Lobatón
6	EN QUE PAÍS TEN UNHA GRAN TRADICIÓN O DÍA DE DEFUNTOS?	MÉXICO	Noruega	Suíza
7	QUE É A ABLUTOFOBIA?	O medo aos vultos	O MEDO A BAÑARSE	O medo ás mordedelas
8	CAL É O DOCE MÁIS POPULAR NO HALLOWEEN NOS EEUU?	O pastel de kiwi	AS MAZÁS DE CARAMELO	A torta de queixo
9	COMO SE CHAMA O SAMAÍN NOS EE UU?	HALLOWEEN	Friday 13	Paranormal Festivity
10	COMO SE COÑECE NA TRADICIÓN GALEGA O UNICORNIO?	Unicorne	ALICORNO	Cornelán
11	ÁS VARIEDADES DAS CABAZAS VERDES E LONGAS DO VERÁN EN GALICIA CHÁMANLLES...	cabrifollos	CABACIÑAS	cácabos
12	ENTRE OS COSTUMES DO SAMAÍN ESTABA O DE...	NON VARRER A LAREIRA	cuspir no chan	poñer un corno entre os ollos

13	**QUE PELÍCULA NORTEAMERICANA POPULARIZOU O HALLOWEEN EN TODO O MUNDO NOS ANOS 80?**	**Venres 13**	**Fredy Crugger**	**HALLOWEEN**
14	**CAL FOI O PERSONAXE MÁIS FAMOSO CREADO POR MARY SHELLEY?**	**FRANKESTEIN**	**Fredy Crugger**	**Pinhead**
15	**AUTOR DE *CARTAS DE INVERNO***	**Suso de Toro**	**AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ**	**Marcos Calveiro**
16	**PROCESIÓN DE PANTASMAS GALEGAS FORMADA POR VIVOS**	**AS XANS**	**A Santa compaña**	**A Estadea**
17	**O MEDO Á GRAVIDADE CHÁMASE...**	**Gravifobia**	**BAROFOBIA**	**Airofobia**
18	**QUE PRODUTO SUBSTITUÍU A CASTAÑA NAS MESAS GALEGAS?**	**As mazás**	**AS PATACAS**	**As noces**
19	**CAL É O LUGAR ONDE ESTÁN AS ALMAS QUE NON CHEGARON AO CEO?**	**O PURGATORIO**	**O inferno**	**O paraíso**
20	**NOME DUNS SERES MÍTICOS CO ASPECTO DE MULLERES VELLAS QUE VIVEN NAS FONTES**	**LAVANDEIRAS**	**Fonmiñotas**	**Fontemouras**
21	**A CASCA DA CABAZA ÚSASE EN CERTAS ZONAS…**	**Para comer o caldo**	**COMO VASILLA DE VIÑO**	**De cinseiro**
22	**A QUE OUTRA FESTA GALEGA SE ASOCIABA O SAMAÍN?**	**Ao Halloween**	**AO MAGOSTO**	**Ao Entroido**
23	**QUEN É O ASASINO EN *VENRES 13*?**	**Jason**	**A NAI DE JASON**	**O pai de Jason**
24	**CAL DESTES RELATOS FOI ESCRITO POR EDGAR ALLAN POE?**	**O ESCARAVELLO DE OURO**	**Lendas de paixón**	**A casa negra**

25	**ÁNXEL FOLE ESCRIBIU OS FAMOSOS RELATOS DE MEDO TITULADOS...**	***Todos somos***	***Á LUS DO CANDIL***	***Os dous de sempre***
26	**O DÍA DE DEFUNTOS CELÉBRASE O...**	**2 DE NOVEMBRO**	**1 de novembro**	**31 de outubro**
27	**A CLAUSTROFOBIA É O MEDO AOS…**	**claustros**	**ESPAZOS PECHADOS**	**avións**
28	**UNHA SOBREMESA DERIVADA DA CASTAÑA SON…**	**OS *MARRÓN GLACÉ***	**Os turróns**	**Os melindres**
29	**COMO SE DI EN INGLÉS "TRUCO OU TRATO"**	***Tricotraet***	***TRICK-OR-TREAT***	***Trucus or tratet***
30	**A PINOUCHA É UNHA MULLER QUE…**	**Conta mentiras**	**Leva os nenos que contan mentiras**	**LEVA OS NENOS QUE ESTÁN SÓS**
31	**AS CABAZAS VIÑERON A EUROPA PROCEDENTES DE…**	**AMÉRICA**	**África**	**Asia**
32	**DE QUE LINGUA PROVÉN A PALABRA SAMAÍN?**	**Do Wólof**	**DO GAÉLICO**	**Do bretón**
33	**CAL É O PECADO DE JOHN DOE NA PELÍCULA "PECADOS CAPITAIS"?**	**A gula**	**A luxuria**	**A ENVEXA**
34	**UN DOS AUTORES NORTEAMERICANOS DE TERROR MÁIS CÉLEBRES FOI…**	**Bécquer**	**H.P. LOVECRAFT**	**Charles Dickens**
35	**QUE LLE PASA AO PROTAGONISTA DO CONTO "O NENO SUICIDA" DE DIESTE?**	**NACE VELLO E VAI REXUVENECENDO**	**É un pequeno que se aforca**	**Axúdalles a morrer a outros nenos**
36	**COMO SE LLE CHAMA TAMÉN Á SANTA COMPAÑA?**	**A pantasma branca**	**A ESTADEA**	**A morte anunciada**

37	**A DENDROFOBIA É O MEDO...**	**ÁS ÁRBORES**	**Aos dentistas**	**Ás tubaxes**
38	**DE QUE SE ENCHEN AS ADEGAS GALEGAS PARA O INVERNO NO SAMAÍN?**	**DE CARNES SALGADAS**	**De leite**	**De patacas**
39	**EN MÉXICO NO ALTAR DE DEFUNTOS ADEMAIS DE FLORES COLÓCASE...**	**A foto da familia**	**A SÚA COMIDA FAVORITA**	**O agasallo do seu último aniversario**
40	**OUTRO DOS NOMES DO COCO EN GALICIA É...**	**O RACHADOR**	**O carboeiro**	**O furabolos**
41	**AS CABAZAS ILUMINADAS COLOCÁBANSE PARA ASUSTAR A XENTE NOS…**	**salóns**	**faiados**	**VALADOS**
42	**EN QUE LOCALIDADE GALEGA TEN MÁIS TRADICIÓN O SAMAÍN?**	**En Carral**	**En CEDEIRA**	**En Verín**
43	**QUE PELÍCULA SE BASEA NO ASASINO REAL HENRY LEE LUCAS?**	***Psicose***	***Scream***	***CONFESIÓNS DUN ASASINO EN SERIE***
44	**UNHA DAS NOVELAS DE STEPHEN KING QUE ACADOU MÁIS ÉXITO NO CINE FOI...**	***O RESPLANDOR***	***Venres 13***	***The walking dead***
45	**O NOME MÁIS POPULAR DOS VAMPIROS GALEGOS É O DE...**	**Sanguiños**	**CHUCHASANGUES**	**chuspidores**
46	**CANTAS MISAS SE CELEBRAN O DÍA DE DEFUNTOS?**	**Unha**	**Dúas**	**TRES**
47	**O MEDO A FALAR EN PÚBLICO CHÁMASE...**	**GLOSOFOBIA**	**orafobia**	**publifobia**
48	**O MAGOSTO COÑÉCESE NA ZONA DE CARRAL TAMÉN CO NOME DE...**	**Castañeiro**	**GHAMUSTO**	**Magote**

49	EN ARXENTINA TAMÉN SE CONMEMORA O DÍA DOS MORTOS...	Polos accidentes de tráfico	POLA PATRIA	polos dereitos humanos
50	MONSTRO CON CABEZA DE LÉON, RABO DE SERPE E CORPO DE CABRA	QUIMERA	Esfinxe	Medusa
51	COMPLETA O REFRÁN "CABAZA QUE NON TEN VIÑO…"	Non vale para o camiño	Non enche os fociños	NON É CABAZA NIN CABACIÑO
52	O SAMAÍN É TAMÉN A FESTA DAS...	pantasmas	CAVEIRAS	nabizas
53	COMO SE CHAMA A RAPAZA DE *THE RING* NA VERSIÓN XAPONESA?	Sally	SADAKO	Keiko
54	A NOVELA DE TERROR TAMÉN SE COÑECE COMO NOVELA...	Barroca	Old Black	GÓTICA
55	O MES COÑECIDO COMO SANTOS É O DE…	NOVEMBRO	Outubro	Decembro
56	AOS CEMITERIOS GALEGOS TAMÉN LLES CHAMAN...	CAMPOSANTOS	Cadaleitos	Sepulturas
57	A FALACROFOBIA É O MEDO...	aos cranios	A falar en público	A QUEDAR CALVO
58	A IGREXA CATÓLICA PON UN ADXECTIVO ANTES DO DÍA DE DEFUNTOS	santos defuntos	FIEIS DEFUNTOS	vivos defuntos
59	CASTELAO TEN UN FAMOSO TEXTO SOBRE OS MORTOS NO LIBRO...	*RETRINCOS*	*Os dous de sempre*	*Cousas*
60	OS SERES HUMANOS QUE PODEN TRANSFORMARSE EN ANIMAIS PARCIAL OU TOTALMENTE SON...	OS LICÁNTROPOS	Os lobishomes	As ánimas

61	QUE DOCE SE ELABORA COA CABAZA?	O CABELO DE ANXO	A crema	A xema torrada
62	O SAMAÍN ERA O MOMENTO DE...	Casar a filla solteira máis vella	RECONTAR OS ALIMENTOS E O GANDO	Plantar as cabazas
63	QUE HAI QUE FACER PARA CHAMAR UN *CANDYMAN*?	NOMEALO CINCO VECES FRONTE A UN ESPELLO	Cuspir seis veces	Acender catro candeas
64	UN DOS ESCRITORES EN CASTELÁN QUE ESCRIBIU RELATOS DE MEDO FOI...	Cervantes	Quevedo	BÉCQUER
65	A MEIGA DOS DENTES VERDES	Leva os nenos que non lavan os dentes	LEVA OS NENOS QUE VAN TARDE PARA A CAMA	Leva os nenos que non deixan os dentes que lles caen na almofada
66	AS FLORES MÁIS POPULARES DOS CEMITERIOS GALEGOS SON...	As chorimas	As rosas	OS CRISANTEMOS
67	O MEDO AOS PEIXES COÑÉCESE COMO...	ICTIOFOBIA	Marofobia	Pesquifobia
68	O PRODUTO TÍPICO DO SAMAÍN GALEGO SON AS…	CASTAÑAS	Mazás de outono	Caveiras de mazapán
69	A CATRINA É UNHA FIGURA DUNHA CAVEIRA FAMOSA EN	Paraguai	Portugal	MÉXICO
70	OS HORRIBLES RÉPTILES QUE TE PODEN PETRIFICAR CHÁMANSE...	BASILISCOS	Áspides	Ciclopes
71	CANDO SE PLANTAN AS CABAZAS?	No inicio da primavera	A finais do outono	A PRIMEIROS DO VERÁN
72	QUE SE BOTABA NA FOGUEIRA POLO SAMAÍN?	OS ÓSOS DOS ANIMAIS SACRIFICADOS	Os paraugas vellos	As cabazas secas

73	**CANTAS PELÍCULAS DE HALLOWEEN EXISTEN?**	**Tres**	**DEZ**	**Seis**
74	**OSCAR WILDE É O AUTOR DE…**	**A PANTASMA DE CANTERVILLE**	**A pantasma dos ollos morados**	**O ogro Madson**
75	**CON QUE NOME SE COÑECE EN GALEGO O HOME DO SACO?**	**O sacabocados**	**O cocoso**	**O SACAÚNTOS**
76	**OS CRISANTEMOS SILVESTRES SON DENOMINADOS…**	**caraveis**	**papoulas**	**PAMPILLOS**
77	**A LACANOFOBIA É O MEDO…**	**ÁS VERDURAS**	**ao lacón**	**aos cans**
78	***EN UN OLLO DE VIDRO,* CASTELAO CONTA A HISTORIA DUN...**	**Zombi**	**ESQUELETO**	**Vampiro**
79	**NAS OFRENDAS ÁS TUMBAS DOS MORTOS ADOITA QUEIMARSE...**	**Mirra**	**Xofre**	**INCENSO**
80	**UNHA ARPÍA É UN HORRIBLE SER EN PARTE MULLER E EN PARTE…**	**Aguia**	**Corvo**	**VOITRE**
81	**CAL É A ESPECIE DE CABAZA MÁIS COMÚN EN GALICIA?**	**A CUCURBITA PEPO**	**A cabaza verde**	**A cabaza rubideira**
82	**CON QUE FESTIVIDADE INTENTOU SUPLANTAR O SAMAÍN A IGREXA CATÓLICA?**	**coa Pascua**	**CO DÍA DE TODOS OS SANTOS**	**Co Día de Defuntos**
83	**CAL DESTES NON É UN LUGAR INICIAL DE MORTE NA SAGA *DESTINO FINAL*?**	**UN BARCO**	**Un avión**	**Un parque de atraccións**
84	**UN DOS PERSONAXES MÁIS FAMOSOS CREADOS POR CLIVE BAKER FOI**	**HELLRAISER**	**Bucaru**	**Sandokán**

85	**NOME DUNHA EDITORIAL GALEGA ESPECIALIZADA EN RELATOS DE MEDO:**	**Xerais**	**URCO EDITORA**	**Berrobambán**
86	**Segundo o refraneiro, "Ditoso mes que empeza co Día de Santos"**	**E remata outra vez**	**E REMATA CON SANTO ANDRÉS**	**E remata dunha vez**
87	**A METROFOBIA É O MEDO**	**Ás alturas**	**Aos camiños longos**	**Á POESÍA**
88	**O PROCESO AO QUE SE SOMETÍAN AS MOMIAS COÑÉCESE COMO**	**Momiedade**	**EMBALSAMAMENTO**	**Momismo**
89	**A LÁPIDA DE PEDRA ELEVADA RESPECTO DO CHAN CHÁMASE...**	**Cadaleito**	**Tumba**	**SEPULCRO**
90	**O LEVIATÁN É UN SER MITOLÓXICO HEBREO PARTE SERPE DE MAR E…**	**Aguia**	**BALEA**	**Quenlla**
91	**CON QUE NOME SE COÑECE A TRADICIÓN DAS CABAZAS NAS RÍAS BAIXAS?**	**Gazafellos**	**Candeeiros**	**CALACÚS**
92	**CAL É O SIGNIFICADO DA PALABRA SAMAÍN?**	**FIN DO VERÁN**	**Flor do maínzo**	**Fóra pantasmas**
93	**QUE É UN *PINHEAD*?**	**Un masón**	**Unha pantasma**	**UN CENOBITA**
94	**O AUTOR DE *MATILDA,* QUE TAMÉN ESCRIBIU RELATOS DE MEDO, É...**	**ROALD DAHL**	**Emilio Salgari**	**Julio Verne**
95	**NO RELATO DE DIESTE "E SE O BIEITO FOSE VIVO", O BIEITO...**	**Está morto**	**NON SE SABE**	**Está vivo**
96	**UN ANIMAL QUE MATABAN HABITUALMENTE EN NOVEMBRO ERA...**	**O PORCO**	**O coello**	**O raposo**

97	**O MEDO ÁS BONECAS CHÁMASE...**	**Bonecofobia**	**PEDIOFOBIA**	**Barbifobia**
98	**A CAPELA SUBTERRÁNEA DOS TEMPLOS ONDE ENTERRABAN OS MORTOS ERA...**	**A CRIPTA**	**O cemiterio**	**O cadaleito**
99	**UNHA DAS FEIRAS MÁIS FAMOSAS DO DÍA DE SANTOS CELÉBRASE EN...**	**Cambre**	**BETANZOS**	**Ferrol**
100	**OS CADÁVERES DEVOLTOS Á VIDA CUN ESCURO RITUAL SON...**	**As momias**	**As mámoas**	**OS ZOMBIS**
101	**CON QUE NOME SE COÑECE A TRADICIÓN DAS CABAZAS EN ORTIGUEIRA?**	**Cogombros**	**CALABAZOTES**	**calacueiras**
102	**COMPLETA O REFRÁN "A CABAZA E O CASAR TODO É…"**	**Empezar**	**esperar**	**ACERTAR**
103	**QUE PELÍCULA NON ESTÁ BASEADA NUN LIBRO DE STEPHEN KING?**	***Myseri***	***Carrie***	***THE HAUNTING***
104	**UN PERSONAXE DA *METAMORFOSE* DE KAFKA APARECE CONVERTIDO…**	**Nunha formiga**	**NUN INSECTO**	**Nunha rata**
105	**SEICA O SACAMANTEIGAS LLES QUITA A MANTEIGA…**	**ás mulleres**	**aos porcos**	**AOS NENOS**
106	**PARROQUIA DE CARRAL DA QUE É PATRÓN SAN MARTIÑO...**	**TABEAIO**	**Beira**	**Quembre**
107	**A FALTA DE ACTIVIDADE VITAL NO CEREBRO DESCÓBRESE CUN...**	**Electrocardiograma**	**ELECTROENCEFALOGRAMA**	**Estetoscopio**
108	**AS MARÍAS DA TRADICIÓN ORAL GALEGA ERAN...**	**COSTUREIRAS**	**Lavandeiras**	**Panadeiras**

109	**O MEDO AOS MORTOS COÑECESE COMO...**	**Zombifobia**	**NECROFOBIA**	**Agorafobia**
110	**AS FADAS IRLANDESAS DA MORTE SON COÑECIDAS COMO…**	***BANSHEES***	**Sirenas**	**Gárgolas**
111	**CON QUE NOME SE COÑECE A TRADICIÓN DAS CABAZAS EN OURENSE?**	**COLONDROS**	**Comemedos**	**Comebobos**
112	**CAL É O PRINCIPAL USO DAS CABAZAS?**	**alumear o Samaín**	**ALIMENTAR O GANDO**	**Escorrentar as meigas**
113	**QUEN GAÑOU EN *FREDY VERSUS JASON*?**	**NINGUÉN**	**Jason**	**Fredy**
114	**A IRMÁ DE HANSEL CHAMÁBASE…**	**Greta**	**Raquel**	**GRETEL**
115	**O URCO QUE ANUNCIA A MORTE TOMA A FORMA...**	**DUN CAN NEGRO**	**Dun gato negro**	**Dun coello negro**
116	**CANDO SANTOS ACABA...**	**A fame remata**	**O porco tamén**	**O INVERNO EMPEZA**
117	**O MEDO AO PELO CHÁMASE...**	**QUETOFOBIA**	**Capilofobia**	**Cabelofobia**
118	**O AUTOR DE *UN OLLO DE VIDRO* FOI...**	**CASTELAO**	**Risco**	**Dieste**
119	**O HOME DO SACO ROUBA...**	**Mulleres**	**Cartos**	**NENOS**
120	**SERES MITOLÓXICOS QUE VIVEN NOS RÍOS...**	**Trasgos**	**Druídas**	**XACIAS**

121	**QUE NON SE DEBE FACER NUNCA NUNHA PELÍCULA DE TERROR?**	**Coller o teléfono**	**Abrir a porta**	**AS DÚAS SON CORRECTAS**
122	**CAL É O VAMPIRO MÁIS COÑECIDO?**	**Edward Cullen**	**O CONDE DRÁCULA**	**Vladimir, o pequeno vampiro**
123	**A QUE DEUS DOS ANTIGOS DRUIDAS SE DEBE A NOSA PALABRA SAMAÍN?**	**SAMHAIN, DEUS DOS MORTOS**	**Samahin. deus das ánimas**	**Samahin, deus do medo**
124	**COMO SE DI EN INGLÉS "CABAZA DE HALLOWEEN"?**	***Pumpkin***	***JACK O' LANTERN***	***Jack o' light***
125	**DE ONDE VEN A EXPRESIÓN "*JACK O' LANTERN*"?**	***JOCK*, O QUE VIVE NA LANTERNA**	***Jack,* o que mata cunha lanterna**	***Jake*, o que xoga cunha lanterna**
126	**CON QUE ALUMEABAN OS CAMIÑOS OS ANTIGOS DRUÍDAS ANTES DE FACELO CON CABAZAS?**	**CON NABOS**	**Con cogombros**	**Con feixóns**
127	**CANDO É "A SEMANA DAS VODAS DO DEMO"?**	**Do 31 de outubro ao 2 de novembro**	**DO 2 AO 9 DE NOVEMBRO**	**Do 2 ao 15 de novembro**
128	**QUE É PARA AS MEIGAS O SAMAÍN?**	**Unha nova era**	**UN ANO NOVO**	**O nacemento do demo**
129	**QUE SIGNIFICA A PALABRA *HALLOWEEN*?**	***ALL HALLOWS DAY* (DÍA DE TODOS OS SANTOS)**	***All hallows day* (día dos mortos)**	***All hallows day* (día das ánimas)**
130	**QUEN FOI JOCK (O DAS CABAZAS ALUMEADAS)?**	**Un home que se suicidou**	**UN HOME QUE INVOCOU O DEMO PARA BEBER**	**Un neno que quería xogar co demo**
131	**QUE FAN AS RAPAZAS IRLANDESAS NO SAMAÍN FRONTE AO ESPELLO?**	**PELAN UNHA MAZÁ**	**Invocan a *Bloody Mary***	**Peitéanse**
132	**QUE DI A LENDA DE PELAR MAZÁS FRONTE AO ESPELLO?**	**Se a pelas dunha plana soa, o espello amósache cantos fillos terás**	**SE A PELAS DUNHA PLANA SOA, O ESPELLO AMÓSACHE O TEU FUTURO MARIDO**	**Se a pelas dunha plana soa, o espello amósache o día da túa morte**

133	**POR QUE HAI QUE POÑER UNHA CABAZA ALUMEANDO NA PORTA DA TÚA CASA NO SAMAÍN?**	**PARA ESPANTAR AOS MALOS ESPÍRITOS**	**Para espantar as meigas**	**Para adornar**
134	**DE ONDE VÉN A TRADICIÓN DO TRUCO OU TRATO?**	**Os celtas dábanlles o que pedían aos mortos a cambio de que non levasen ninguén**	**OS CELTAS DÁBANLLES O QUE PEDÍAN AOS MORTOS A CAMBIO DE QUE NON FIXESEN DAS SÚAS**	**Os druídas dábanlles lambonadas aos mortos por diversión**
135	**CAL É A LAMBONADA MÁIS VENDIDA POLO SAMAÍN NO EE UU?**	***Sniters***	***Snipers***	***SNICKERS***
136	**DE QUE ESTÁ PROHIBIDO DISFRAZARSE POLO *HALLOWEEN* EN ALABAMA?**	**De vampiro**	**De zombi**	**DE CURA**
137	**POR QUE NOS EE UU NON SE DAN EN ADOPCIÓN GATOS NEGROS DURANTE O *HALLOWEEN*?**	**PARA EVITAR QUE SEXAN SACRIFICADOS POR SEITAS SATÁNICAS**	**Para evitar a mala sorte na xente**	**Por simple preguiza e desconsideración de traballar**
138	**QUE FAN EN AUSTRIA POLO SAMAÍN?**	**Deixan pan e viño para darlles a benvida aos espíritos**	**DEIXAN PAN E AUGA PARA DARLLES A BENVIDA AOS ESPÍRITOS**	**Deixan pan e leite para darlles a benvida aos espíritos**
139	**QUE SON OS ESPÍRITOS EN AUSTRIA?**	**Enerxía negra**	**Enerxía satánica**	**ENERXÍA POSITIVA**
140	**QUE FAN EN MADAGASCAR POLO SAMAÍN (AÍNDA QUE NON LLE CHAMAN ASÍ)?**	**DESENTERRAN OS MORTOS E PÓÑENLLES ROUPA LIMPA**	**Desenterran os animais mortos e cómenos**	**Desenterran os mortos e bailan con eles**